

NATURAIS: Páxina 104.

9.

Parécense en que as dúas se poden empregar para separar sólidos e líquidos nunha mestura homoxénea.

Diferéncianse en que na evaporación o líquido pasa a estado gasoso e se perde, mentres que na destilación o vapor se recolle e se condensa, polo que o líquido non se perde.

10.

Cun cribo de tamaño axeitado, que permita só o paso do arroz.

12.

- O xeo fúndese na cazola (fusión) e a auga ao quecer evapórase lentamente (evaporación).

- Cando se forma resío é porque se condensa o vapor de auga sobre as follas (condensación). Estas gotas convértense en xeo (solidificación).

13.

- As combustións son un tipo especial de oxidación.

- Son reaccións químicas porque é un cambio da materia na que unha substancia se transforma noutra.

- Resultan útiles porque se produce moita calor.

- Poden ser prexudiciais porque poden dar lugar, por exemplo, a un incendio.

14.

Unha reacción química é unha transformación ou un cambio na materia na que unhas substancias se transforman noutras. Por exemplo, cando mesturamos bicarbonato e vinagre prodúcense substancias novas, entre elas o dióxido de carbono que inchou o globo no voso experimento.

15.

As fermentacións son un tipo de reaccións que se producen nos seres vivos. Son útiles porque as empregamos para producir iogures, vinagre, viño...